

Carta aos lectores

No sistema internacional contemporáneo, o papel de EEUU é cada vez máis determinante. No ámbito da seguridade, da economía, da política, da cultura, en todos os eidos e con todos os matices que se queiran, o “hexemón” desenvólvese cun nivel de independencia que a poucos satisfai. Quixemos por iso ir máis alá da crítica común e fácil para abordar unha primeira aproximación ao peculiar universo norteamericano, con lecturas diversas que afondasen na actualización dos dominios clásicos (Isidro Herrera) e incidindo na natureza do propio sistema (Tom Barry, José María Tortosa), con perspectivas enriquecedoras, ben sexa dende a óptica persoal (Carmen Pereira-Muro) ou civilizadora (Saul Landau).

Estreitamente relacionado co status e a política da única superpotencia do planeta, o futuro das Nacións Unidas é un asunto clave. Neste número centramos a reflexión en dous aspectos que consideramos de sumo interese, que teñen que ver con dous imperativos esenciais do actuar da ONU e que forman parte do que podemos definir como acervo subversivo da superpotencia: a consecución da paz (Isabel Lirola) e a promoción do desenvolvemento (Fernando Bruna). Non haberá orde pacífica nin seguridade mundial contra todos ou sen xustiza. E debe ser esa unha xustiza compartida, non unilateral. Como a loita contra o terrorismo debe incorporar unha inequívoca dimensión de respecto aos dereitos humanos, en primeiro lugar, o dereito a unha vida digna. O desenvolvemento, a loita contra a pobreza, debería formar parte do conxunto de preocupacións centrais da sociedade internacional.

Abordamos tamén efemérides antigas (Carlos Sixirei) e modernas (Benjamin Kienzle). Os aniversarios sempre foron unha boa escusa para reflexionar, como quedou de manifesto na conmemoración recente que nós mesmos promovemos sobre o recoñecemento internacional de Galicia coma unha nacionalidade no pasado mes de setembro. A iniciativa “Galicia, un país no mundo”, alén do feito estrictamente divulgativo e mesmo de homenaxe a Plácido Castro, serviu como punto de encontro da sociedade galega para propiciar unha maior atención ó fenómeno exterior.

Esa acción exterior de Galicia, un ámbito de natural preocupación do IGADI, asoma neste número co tratamento de dous temas cunha enorme proxección de futuro: a lusofonía (Margarita Ledo), un ámbito que debe gozar dunha especial atención na nosa proxección exterior, e a cooperación ao desenvolvemento (Carlos Teijo), que estrea marco normativo. Por último, unha achega teórica sobre a análise das relacións internacionais, da man de Fernando Pérez-Barreiro, membro do Consello Asesor do IGADI.

Con estes vimbios, Tempo Exterior segue a concretar ese esforzo de reflexión que dende aquí pretendemos alentar sobre as tendencias do artellamento internacional, pois dese grao de coñecemento vai depender en boa medida o acerto do noso posicionamento.

O director.